



NOTA DE PRENSA

O acto celebrarase o martes, 17 de agosto, ás 21.00 horas na rotonda de Cimadevila

O Concello de Boiro homenaxeará no “Día da Galiza Mártir” ao que fora mestre en Escarabote Rodrigo Álvarez Gantes

Boiro, xoves día 12 de agosto de 2010. O Concello de Boiro homenaxeará este ano, no “Día da Galiza Mártir”, ao que fora mestre na escola do pósito de Escarabote D. Rodrigo Álvarez Gantes, que morreu fusilado en Santiago o 23 de febreiro de 1937.

Rodrigo Álvarez Gantes, nacido en Ponteceso en 1906, era fillo de Garda Civil e cursou estudos de Maxisterio en Santiago. Foi destinado á escola de Escarabote e desempeñou o cargo de Concelleiro en Boiro pola Fronte Popular ata o inicio do alzamento militar. O 21 de agosto de 1936 foi destituído e cesado dos seus cargos por orde do Delegado Militar de Instrución Pública, sendo detido posteriormente, segundo a información oficial, por “estar relacionado con elementos marxistas e de esquerdas e pertencer a Esquerda Republicana”.

O día 2 de febreiro de 1937, o entón Alcalde de Boiro, Guillermo Torrado Jáudenes, intercedeu por el e por outros veciños tamén detidos (Juan Outeiral Outeiral, Bautista Torrado Rivadulla, Ramón Lojo Agrelo, Braulio Castro Gallardo, Santiago Miranda Lapido e José Maceiras Vilaso) ante o Generalísimo e ante o Tribunal Supremo de Xustiza Militar de Burgos, mais finalmente, pese á súa súplica, todos foron fusilados en Santiago o 23 de febreiro de 1937.

O Concello de Boiro quere lembrar e homenaxear a memoria dos represaliados coincidindo co Día da Galiza Mártir e así, como se ven facendo tódolos anos, **o martes, día 17 de agosto, ás 21.00 horas na**

rotonda de Cimadevila, celebrarase un acto que nesta ocasión está dedicado a un defensor da liberdade como foi Rodrigo Álvarez Gantes. O Alcalde de Boiro, Xosé Deira Triñanes, convida a tódolos veciños a sumarse a este recoñecemento.

Saúdos. Gabinete de Prensa do Concello de Boiro